



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.es

**Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal peón protección e mantemento medioambiental Apról Rural

### **DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Vista a proposta de nomeamento dun peón para protección e mantemento medioambiental subvencionado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural ( Apról rural) modificada pola Orde do 28 de xaneiro de 2019, e dacordo coas bases da convocatoria decreto de alcaldía núm. 193/2019 de data 30/04/2019, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora de data 16/05/2019.

Vista a resolución de concesión de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento do emprego no medio rural ( Apról rural), concedendo ao Concello de Boimorto unha subvención total de 13.150,00 euros ( expediente TR351G 2019/000007-1) para a contratación por un período de nove ( 9) meses dun peón para protección e mantemento medioambiental.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como peón para protección e mantemento medioambiental a Jose Manuel Bermejo Montero con DNI XXX6029XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base sexta da convocatoria á presentación polo interesados da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deba presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido o momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

**SEGUNDO.-** Formar lista de reserva cos seguintes candidatos segundo o sinalado na base sétima da convocatoria aprobada por decreto de alcaldía núm. 193/2019 de data 30/04/2019 :

1.- SAMUEL VEREA PERNAS CON DNI XXX6133XX ( 20 PUNTOS)

2.-BRAIS GAREA VAZQUEZ CON DNI XXX1053XX ( 15 PUNTOS)

3.- LAURA LÓPEZ PARDO CON DNI XXX9759XX ( 10 PUNTOS)

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta 22/05/2019.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ